

ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBach

Dirección do proxecto	
Nome: José Carlos Souto Otero	
Enderezo electrónico: csouto@uvigo.es	Teléfono: 986801943
Co-dirección do proxecto	
Nome: Purificación Marcet Miramontes	
Enderezo electrónico: marcet@uvigo.es	Teléfono: 986801944
Nome: M ^a Eugenia López de Silanes Vázquez	
Enderezo electrónico: esilanes@uvigo.es	Teléfono: 986801940
Nome: Graciela Paz Bermúdez	
Enderezo electrónico: graciela@uvigo.es	Teléfono 986802045
Bienio	2020-2022
Número de participantes (máx. 4)	4

Título

Fotosíntese e o ciclo do carbono

Resumo

O carbono é un elemento clave no desenvolvemento das plantas e incorpórase a elas no proceso de fotosíntese. Unha vez incorporado, úsase, en diferentes vías metabólicas, para construír o corpo da planta e a súa maquinaria celular. Unha parte importante dos recursos de carbono destínase a metabolitos secundarios, que poden ter funcións diferentes, tanto fisiolóxicas como ecolóxicas. Algúns metabolitos secundarios, cando se liberan ao ambiente (durante a descomposición de follas e outras partes; disoltos pola choiva, etc.) poden producir efectos negativos sobre outras plantas do ambiente (fenómeno coñecido como alelopatía). Esta propiedade pódese usar para buscar herbicidas naturais a partir da liberación destes metabolitos secundarios.

Obxectivo

Preténdese que o estudantado obteña algún extracto de planta con capacidade para funcionar como un herbicida natural. É desexable que o extracto sexa fácil de obter e teña un efecto controlador sobre o crecemento de malas herbas nalgúns cultivos, sen afectar a este último.

Plan de traballo

1. Procura bibliográfica sobre o control de malas herbas mediante extractos vexetais, que lle permite ao alumno seleccionar o material a empregar.
2. Seleccionar e recoller o material vexetal que se empregará na extracción.
3. Planificar a fase experimental.
4. Realizar os experimentos e analizar os resultados obtidos.
5. Elaboración da memoria escrita e presentación pública dos resultados do proxecto.

Actividades complementarias

Visita á Escola de Enxeñaría Forestal

Visita á Xiloteca da E.E. Forestal

Visita o Arboreto do campus de Pontevedra